



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DIRECCIÓN XERAL DE O.P.	
DATA	28 FEB. 1994
N.º ENTRADA	N.º SALIDA 216

ORDE CIRCULAR 1/1994.

ASUNTO: DIRECCION FACULTATIVA DAS OBRAS RELATIVAS A INSTALACION DE ESTACIONES DE SERVICIO E DE ESTACIONES SUBMINISTRADORAS DE GASOLINAS E GASOLEOS DE AUTOMOCION.

Pola Orde Circular 1/1992 do 25 de maio de 1992, os Servicios Centrais da Dirección Xeral de Obras Públicas están encargados de resolve-las autorizacións ou denegacións das instalacións referenciadas.

O apartado 7 das Condicións Xerais das autorizacións concedidas preceptúa o seguinte:

<< " 7º.- A vixilancia das obras (artigo 5 da Orde 31 de maio de 1969 do Mº de Obras Públicas), ós efectos do cumprimento das presentes condicións, corresponderá ós técnicos responsables da Dirección Facultativa das obras que nomeará o Director Xeral de Obras Públicas para cada unha delas. O peticionario terá que observar tódalas e cada unha das ordes que lle transmita o devandito técnico." >>

Doutra banda, o parágrafo segundo do punto 14 indica:

<< " 14º.- ...

O inicio das obras se notificará a esta Dirección Xeral cun prazo de antelación de quince (15) días de xeito que, os técnicos da Dirección Facultativa procedan ó trazado en planta das obras da instalación." >>

Unha vez que a devandita notificación sexa cumprimentada polo interesado, o Servicio de Coordinación Técnica da Dirección Xeral de Obras Públicas a comunicará a esa Delegación Provincial para que o Servicio Provincial de Estradas se faga cargo do seguimento e da execución das referidas obras.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22 DE FEBREIRO DE 1994.

O DIRECTOR XERAL DE OBRAS PUBLICAS

EMILIO GARCIA GALLEGO

ILMO. SR. DELEGADO DA C.P.T.O.P.e V. DE LUGO